SERVIZO GALEGO de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2017
GRUPO TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA

EXAME EN GALEGO

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Específico Parte teórica"** entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro **"Específico Parte práctica"** entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"

3. – O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.

4. – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

0046762935461658500011636783196011107402

00467629354616585000116367831960111074 02

1. Segundo o artígo 36 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

A) Os contratos que celebren os poderes adxudicadores, a excepción dos contratos menores e dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, perfecciónanse coa súa formalización.

B) Os contratos que celebren as administracións públicas, a excepción dos contratos menores, perfecciónanse coa súa formalización.

C) Os contratos que celebren os poderes adxudicadores, a excepción dos contratos menores e dos contratos basados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, perfecciónanse coa súa formalización.

D) Os contratos subvencionados que, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei de Contratos do Sector Público, non deban considerarse suxeitos a regulación harmonizada, perfeccionaranse de conformidade coa lexislación pola que se rexan.

2. Os delegados de prevención nas reunións dos Comités de Seguridade e Saúde das Institucións Sanitarias:

A) Non poderán ser substituídos.

B) Poderán ser substituídos por outros representantes das organizacións sindicais.

C) Poderán ser substituídos por outros representantes das organizacións sindicais que sexan delegados de prevención, esta substitución deberá ser comunicada.

D) Poderán ser substituídos por outros delegados de prevención sen necesidade de comunicar a substitución.

3. De conformidade coa Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, a carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema Nacional de Saúde está constituída, entre outras, por:

A) A prestación farmacéutica.

B) Todas as actividades asistenciais de prvención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación que se realicen en centros sanitarios ou socio-sanitarios

C) O transporte sanitario, urxente ou non urxente, suxeito a prescrición facultativa, por razóns clínicas e, no seu caso, co nivel de aportación do usuario acorde coa prestación farmacéutica.

D) Todas son correctas.

4. Segundo a disposición adicional primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, enténdese por localidade para a solicitude polo persoal estatutario dun permiso por traslado de domicilio:

A) O termo municipal.

B) A área de saúde.

C) A residencia do persoal estatutario.

D) A Lei 2/2015 non define "localidade".

5. Dados os seguintes factores , cal é a fórrmula CORRECTA para o cálculo da renda nacional dispoñible?: RNN Renda Nacional Neta, T Impostos directos, TR Transferencias e BND Beneficio non distribuído ou aforro das empresas.

A) RND=RNN-T+TR+BND

B) RND=RNN-T-TR-BND

C) RND=RNN-T+TR-BND

D) RND=RNN+T+TR+BND

6. De conformidade coa Lei galega 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, respecto dos dereitos das persoas ante o proceso da morte, sinale a resposta CORRECTA:

A) O paciente terminal ten dereito a recibir información sanitaria por escrito a fin de obter unha segunda opinión, previo informe do Comité Ético Asistencial do centro.

B) O paciente terminal ten dereito a rexeitar o tratamento, intervención ou procedementos que se lle propoñan, excepto que poña en risco a súa vida.

C) O paciente terminal ten dereito a rexeitar a participación en procedementos experimentais como alternativa terapéutica para seu proceso asistencial.

D) Todas son correctas.

7. En relación ao permiso por accidente ou enfermidade moi grave recollido no artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, cal das seguintes afirmacións é INCORRECTA?

A) Cada accidente ou enfermidade moi grave xera o dereito a un único permiso.

B) A duración máxima é de trinta días naturais.

C) Tense que empregar de modo acumulado, non podendo empregarse de forma separada.

D) O feito causante é o accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidad ou afinidade.

8. O Servizo Galego de Saúde está desenvolvendo un importante número de proxectos no ámbito das compras e da loxística, denominada "Plataforma Punto". Esta plataforma está formada por tres áreas. Sinalar a resposta INCORRRECTA:

A) Punto.lox que recolle todos os proxectos no campo da loxística de produtos e cuxo proxecto central é a Plataforma loxística do SERGAS.

B) Punto.Info que integra todos os proxectos de mellora no campo dos sistemas de informacioón e cuxo proxecto central é a apliación informática LOGAS.

C) Punto.Trans que integra todos os proxectos no campo do tansporte de mercadorías e cuxo proxecto central é a utilización de medios de transporte menos contaminantes.

D) Todas son correctas.

9. O Plan Xeral Contable regulado polo Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, recolle as seguintes normas de valoración:

A) Custo histórico, valor razoable, valor en uso, valor en uso neto, valor actual, custo amortizado, custo de venda, custo de venda neto, valor contable, valor residual.

B) Custo histórico, valor razoable, valor neto razoable, valor en uso, valor actual, custo de venda, custo de venda neto, custo amortizado, valor contable e valor residual.

C) Custo histórico, valor razoable, valor neto razoable, valor en uso, valor actual, custo amortizado, custos de venda, custos de transacción atribuíbles a un activo ou pasivo financeiro, valor contable ou valor en libros, valor residual.

D) Custo histórico, valor razoable, valor en uso, valor en uso neto, valor actual, valor contable ou valor en libros, valor residual custo amortizado, custo de venda, custos de transacción atribuíbles a un activo ou pasivo financeiro.

0046762935461658500011636783196011107402

10. Cal das seguintes afirmacións é INCORRECTA nas redes de área local?:

A) Facilitan o traballo colaborativo.

B) Permiten o acceso a recursos e servizo de rede compartidos (impresión, sistemas de ficheiros, software, etc).

C) Posibilita a centralización de información compartindo bases de datos.

D) Ao ser de ámbito local, non pode estar conectada a internet.

11. O Produto nacional bruto diferénciase do Produto nacional neto, en que o Produto nacional bruto inclúe:

A) Depreciación.

B) Impostos directos.

C) Transferencias.

D) Investimento.

12. O exercicio da potestade sancionadora corresponde aos órganos administrativos que a teñan expresamente atribuída :

A) Só por disposición de rango legal.

B) Só por disposición de rango regulamentario.

C) Por disposición de rango legal ou regulamentario.

D) Por resolución administrativa do Presidente do goberno.

13. Segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a creación de entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, agás os consorcios, require autorización por:

A) Orde.

B) Decreto.

C) Lei.

D) Resolución do Consello da Xunta.

14. Segundo a Lei 55/2003, o nomeamento de carácter eventual expedirase (sinalar a resposta INCORRECTA):

A) Cando se trate da prestación de servizos determinados de natureza temporal, conxuntural ou extraordinaria.

B) Cando sexa necesario para garantir o funcionamento permanente e continuado dos centros sanitarios.

C) Cando resulte necesario atender as funcións de persoal fixo ou temporal, durante os períodos de vacacións, permisos e demais ausencias de carácter temporal que comporten a reserva da praza.

D) Para a prestación de servizos complementarios dunha redución de xornada ordinaria.

0046762935461658500011636783196011107402

15. Segundo a Orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica para o ano 2018 as retribucións adicionais do persoal de enfermaría dos puntos de atención continuada serán:

A) As mesmas contías vixentes ao 31 de decembro de 2017.

B) As mesmas contías vixentes ao 31 de decembro de 2017 incrementadas no 1,5%.

C) As contías previstas no Acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal diplomado de Enfermaría dos Puntos de Atención Continuada publicado na Orde do 4 de xullo de 2008 sen actualización.

D) As contías previstas na Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se publica o Acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde sen actualización.

16. Que se entende por stock de seguridade?:

A) Stock cuxo obxectivo é facer fronte a aquelas vendas esperadas que se producen nunha determinada estación ou temporada.

B) Nivel extra de stock que se debe manter sempre en almacén para poder facer fronte a calquer problema impresvisto, rotura de stocks ou aumentos repentinos de demanda.

C) Se se preve que a demanda dun determinado ben vai incrementarse nunha gran contía, acumúlase stock cando aínda non hai tal demanda e, por tanto, é menos custoso.

D) Stock que permite atender a demanda normal dos clientes. Adóitanse facer pedidos dun tamaño tal que permita atender a demanda durante un período de tempo longo.

17. Segundo o disposto no artigo 115.2. da Lei de Saúde de Galicia a selección do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia realizarase de conformidade cos requisitos e sistemas establecidos pola normativa vixente e a autonómica de desenvolvemento. A pesar do anterior por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas:

A) Poderá eximirse do requisito de nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de licenciado sanitario.

B) Poderá eximirse do requisito de nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais sanitarias.

C) Poderá eximirse do requisito de nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías sanitarias non facultativas.

D) Ningunha resposta é correcta.

18. Segundo o artigo 4 do Real Decreto polo que se regula a relación laboral de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, os residentes terán os seguintes dereitos (sinalar a resposta INCORRECTA):

A) Á designación dun titor que lle asistirá durante o desenvolvemento das actividades previstas no programa de formación.

B) Á progresión na carreira profesional e á promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación.

C) A participar en actividades docentes, investigadoras, asistenciais e de xestión clínica nas que interveña a unidade acreditada.

D) Ata tres días hábiles de permiso retribuído, naqueles supostos nos que os residentes de especialidades troncais deban cursar o período de formación específica, nunha unidade docente situada en localidade distinta a aquela na que se cursou o período formativo troncal.

0046762935461658500011636783196011107402

19. Cal destas referencias se corresponde co réxime de dispoñibilidade dos bens de dominio público?:

A) Son inalienables, inembargables pero poderán ser obxecto de prescrición adquisitiva por terceiros de acordo co disposto no Código Civil e nas leis especiais.

B) Son imprescritibles, inembargables e suxeitos ao tráfico privado de compravenda.

C) Son inalienables, imprescritibles, pero embargables.

D) Son inalienables, imprescritibles e inembargables.

20. No contrato de concesión de obra pública, o procedemento iníciase:

A) Coa adopción do prego.

B) Co anteproxecto de construción.

C) Cun proxecto de viabilidade.

D) Co proxecto de obras.

21. De conformidade coa Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, os procedementos e situacións clínicas que se determinen no desenvolvemento regulamentario da lei, terán garantida a atención no tempo máximo de:

A) 60 días hábiles en intervencións cirurxicas e 45 en consultas e probas diagnósticas ou terapéuticas, dende a data de entrada no Rexistro de pacientes en espera do Sistema Público de Saúde de Galicia.

B) 60 días hábiles, en intervencións cirúrxicas dende a data de entrada no Rexistro de pacientes en espera do Sistema Público de Saúde de Galicia.

C) 60 días hábiles en intervencións cirúrxicas programadas e non urxentes, e 45 en intervencións preferentes, dende a data de entrada no Rexistro de pacientes en espera do Sistema Público de Saúde de Galicia.

D) 60 días naturais, en intervencións cirúrxicas dende a data de entrada no Rexistro de pacientes en espera do Sistema Público de Saúde de Galicia.

22. Na Unión Europea os cidadáns estarán directamente representados a través de:

A) Consello Europeo.

B) Parlamento Europeo.

C) Comisión Europea.

D) Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

23. Qué norma galega crea a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista no ámbito do Servizo Galego de Saúde?:

A) Decreto 81/2014, de 23 de xuño.

B) Decreto 81/2015, de 23 de xuño.

C) Decreto 81/2016, de 23 de xuño.

D) Decreto 81/2017, de 23 de xuño.

24. De conformidade coa Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, é función da Alta Inspección, entre outras:

A) Comprobar que os fondos correspondentes aos servizos de saúde das comunidades autónomas son utilizados de acordo cos principios xerais desta lei.

B) A inspección de centros, servizos e establecementos sanitarios.

C) A autorización previa para a circulación e uso de medicamentos e produtos sanitarios.

D) A e C son correctas.

0046762935461658500011636783196011107402

25. As emisións de Débeda Pública ou operacións de crédito que realicen a comunidade ou os seus organismos autónomas terán que ser autorizadas por :

A) Polo Presidente da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) Polo Conselleiro de Economía e Facenda, ao que lle corresponderá así mesmo sinalar o importe máximo autorizado.

C) Polo Conselleiro de Economía e Facenda dentro dos límites sinalados pola lei.

D) Pola Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda.

26. Dos seguintes números índices complexos, cal se corresponde cun número índice sen ponderar?:

A) Indice de Laspeyres.

B) Indice de Bradstreet-Dutot.

C) Indice de Edgeworth.

D) Indice de Fisher.

27. Na organización central da Administración xeral do Estado os órganos superiores son:

A) Os ministros, os secretarios de Estado e os subsecretarios.

B) Os ministros, o Presidente do goberno e o Xefe do Estado.

C) Os ministros e os secretarios de Estado.

D) Os secretarios de Estado, os subsecretarios e os secretarios xerais técnicos.

28. De conformidade co Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no relativo a excedencia por coidado de familiares, sinale a resposta CORRECTA:

A) Os funcionarios terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender ao cuoidado dun familiar que se encontre ao seu cargo, ata o segundo grado incluisive de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

B) O perídodo de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dera oreixe a unha nova excedencia, o inicio do período da mesma comezará ao final da que viñese gozando.

C) O tempo de permanencia nesta situación será computable a efetos de trienios, carreira e dereitos no réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación. O posto de traballo desempeñado reservarase, polo menos, duante o primeiro ano. Transcorrido este período, dita reserva será a un posto na mesma localidade e de igual retribución.

D) Todas son correctas.

29. Segundo a clasificación por programas, o programa 414A correspóndese con:

A) Formación graduados e posgraduados.

B) Protección e promoción da saúde publica.

C) Atención especializada.

D) Fondo de investigación sanitaria.

0046762935461658500011636783196011107402

30. O análise ABC é un método de clasificación frecuentemente utilizado na xestión de inventario. Sinalar a resposta CORRECTA:

A) Clasificación ABC: dentro da realización do invenntario, a clasificación por cada zona realízase considerando o valor que ostenta cada artigo, valor que esta dado por criterios preestablecidos como o custo unitario ou o volume anual demandado.

B) Clasificación ABC: dentro da realización do inventario, a clasificación por cada zona realízase considerando a duración da vida útil de cada artigo.

C) Clasificación ABC: a clasificación por cada zona realízase tendo en conta a rotación de inventario, número de veces que se renovaron as existencias (dun artigo, dunha materia prima,...) durante un período, normalmente un ano, agrupándose, segundo este índice, en tres grandes bloques.

D) Clasificación ABC: a clasficación por cada zona realízase tendo en conta a velocidade de rotación, podendo clasificarse en tres grandes grupos, corrente, de lento movemento e ocioso.

31. Se algún dos suxeitos obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común presenta a súa solicitude presencialmente, e se lle require para que o emende a través da súa presentación electrónica, que data se considerará a de presentación da solicitude?:

A) Aquela en que fose realizada a emenda.

B) Aquela en que se presentou a solicitude inicial presencial.

C) A data de saida do órgano administrativo do requirimento de emenda.

D) A data de recepción por parte do interesado do requirimento de emenda.

32. De conformidade coa Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, son funcións dos órganos de representación do persoal, entre outras, as seguientes (sinale a resposta CORRECTA):

A) Ser informados de todas as sancións impostas pola comisión de faltas tipificadas pola lei.

B) Colaborar coa Administración correspondente para conseguir o establecemento de cantas medidas procuren o mantemento e incremento da productividade.

C) Recibir información sobre a política de persoal, asi como sobre os datos referentes á evolución das retribucións, política de contratación administrativa, evolución probable do emprego no ámbito correspondente e programas de mellora do rendemento.

D) Ter coñecemento e ser oídos no establecemento da xornada laboral e do horario de traballo, así como do réxime de permisos, licenzas e situacións administrativas.

33. Os profesionais que non resulten adxudicatarios de ningún destino como efecto derivado da resolución do concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia:

A) Terán que presentar unha nova solicitude de participación no concurso de traslados no ciclo anual que se inicie a partir do 15 de xaneiro.

B) Manterase vixente para o seguinte ciclo anual de adxudicación a solicitude de participación no concurso de traslados coa última selección de prazas efectuada sen que poida renunciar ao mesmo.

C) Manterase vixente para o seguinte ciclo anual de adxudicación a solicitude de participación no concurso de traslados coa última selección de prazas efectuada, salvo renuncia expresa.

D) Terán que presentar unha nova solicitude de participación desde o día seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia da relación de adxudicatarios de cada ciclo anual de adxudicación e ata o 15 de xaneiro seguinte.

0046762935461658500011636783196011107402

34. Que tipo de contas son aquelas que teñen como características principais que son contas temporais, duran abertas o que dura o exercicio contable da empresa, e ao finalizar este, son pechadas e o seu resultado é traspasado á conta capital?:

A) Contas Reais.

B) Contas Mixtas.

C) Contas de Orde.

D) Contas Nominais.

35. Que fases do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral contempla a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

A) A fase preliminar e a fase final.

B) A fase inicial, a fase interlocutoria e a fase conclusiva.

C) A fase preliminar, a fase intermedia e a fase conclusiva.

D) A fase inicial, a fase intermedia e a fase final.

36. Dentro do procedemento de actuación e apoio ao profesional en episodios de violencia de orixe externa o promover mecanismos para a resolución alternativa de conflitos interpersoais é responsabilidade de:

A) Unidade Periférica de riscos laborais (UPRL).

B) Coordinador de violencia laboral.

C) Xerencias das estruturas de xestión.

D) Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

37. A rúbrica do título IX da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia é:

A) Da docencia e a investigación.

B) Da docencia, investigación e innovación.

C) Da docencia e formación.

D) Da docencia e a innovación.

38. O anteproxecto de orzamentos de gastos e ingresos do Servizo Galego de Saúde:

A) Será remitido pola Consellería de Sanidade ao Consello da Xunta antes do 1 de xullo.

B) Será remitido pola Consellería de Sanidade á Consellería de Economía e Facenda antes do 1 de xullo.

C) Será remitido pola Consellería de Sanidade á Consellería de Economía e Facenda antes do 1 de xuño.

D) Será remitido pola Consellería de Sanidade ao Consello da Xunta antes do 1 de xuño.

39. A abolición de toda discriminación por razón da nacionalidade entre os traballadores dos Estados membros, con respecto ao emprego, a retribución e as demais condicións de traballo, responde á:

A) Libre circulación de empresas dentro da Unión.

B) Libre circulación do emprego público dentro da Unión.

C) Libre traspaso dos traballadores dentro da Unión.

D) Libre traspaso dos traballadores dentro da Unión.

0046762935461658500011636783196011107402

40. Segundo o artígo 7 do Real Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, cal das seguintes funcións NON é competencia do Conselleiro de Economía e Facenda?:

A) A administración, xestión e recaudación dos dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma.

B) A ordenación de pagos nos termos establecidos na presente lei.

C) O control de eficacia e eficiencia respecto ós obxectivos previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade.

D) A elaboración dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

41. A regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional segundo o artígo 37 do Estatuto do Empregado Público

A) Queda excluída da obrigatoriedade de negociación.

B) Só serán obxecto de negociación no ámbito das mesas sectoriais ou xerais de negociación.

C) Só será obxecto de negociación no ámbito das mesas xerais de negociación.

D) En ningún caso, será obxecto de negociación.

42. Como se denomina a posibilidade dos particulares de invocar directamente normas europeas ante as xurisdicións nacionais e europeas:

A) Principio de primacía do dereito europeo.

B) Principio de efecto directo do dereito europeo.

C) Principio descendente do dereito europeo.

D) Principio ascendente do dereito europeo.

43. O método de custos ABC, con cal dos seguintes modelos de custo se corresponde?:

A) Full Costing.

B) Direct Costing.

C) Modelos baseados en volume e actividades.

D) Modelo de custos segundo o obxectivo final de custo.

44. Se unha disposición administrativa establece a retroactividade de disposicións sancionadoras NON favorables, será

A) Anulable.

B) Nula de pleno dereito.

C) Válida.

D) É unha irregularidade non invalidante.

45. As retribucións do persoal residente en formacion rexiranse polo establecido en :

A) Real Decreto 1146/2006, do 6 de outubro.

B) Decreto 200/1993, do 29 de xullo.

C) Decreto 226/1996, do 25 de abril.

D) Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

0046762935461658500011636783196011107402

46. Cal dos seguintes NON é membro do Pleno do Observatorio de Violencia no contorno laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde?:

A) A persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

B) O/a titular da Dirección de Recursos Económicos.

C) O/a titular da Dirección de Asistencia Sanitaria.

D) O/a titular da Dirección de Recursos Humanos.

47. Onde está integrada a Inspección dos servizos sanitarios?:

A) Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

B) Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento da Saúde.

C) Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

D) Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

48. A estrutura organizativa de Xestión Integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos foi creada por:

A) Decreto 168/2010, do 7 de outubro.

B) Decreto 193/2010, do 18 de novembro.

C) Decreto 55/2013, do 21 de marzo.

D) Decreto 46/2013, do 7 de marzo.

49. ¿Cómo se comporta a alineación xustificada en LibreOffice Writer?:

A) Alinea os bordos dereito e esquerdo do parágrafo.

B) Alinea unicamente o bordo dereito do parágrafo.

C) Alinea unicamente o bordo esquerdo do parágrafo.

D) Alinea verticalmente o parágrafo no centro da páxina.

50. O facultativo que librare certificado falso será castigado coa pena de:

A) Suspensión de seis meses a dous anos.

B) Multa de tres a doce meses.

C) Multa de seis a doce meses.

D) Inhabilitación especial para profesión por tempo de seis meses a un ano.

Preguntas de reserva

51. No contrato de concesión de obra pública, o concesionario:

A) Só ten dereito ao mantemento do equilibrio económico da concesión nos supostos previstos na norma.

B) Non ten dereito ao mantemento do equilibrio da concesión.

C) Ten dereito ao mantemento do equilibrio da prestación sin ningún tipo de condicionante.

D) Ningunha é correcta.

0046762935461658500011636783196011107402

52. Segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os conflitos de atribucións entre diferentes consellerías serán resoltos por acordo asinado conxuntamente polas propias persoas titulares das consellerías afectadas. Agora ben, no caso de discrepancia, resolverá:

A) O Conselleiro máis antigo de non estar afectada a súa consellería.

B) O Presidente da Xunta de Galicia.

C) O Consello da Xunta.

D) A Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

53. De conformidade co Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios de carreira serán declarados en situación de servizos especiais, entre outras circunstancias, na/s seguinte/s:

A) Cando sexan designados asesores dos grupos parlamentarios das Cortes Xerais ou das Asambleas Lexislativas das Cumunidades Autónomas.

B) Cando sexan adscritos aos servizos do Tribunal Constitucional, do Tribunal Supremo ou do Defensor do Pobo, ou destinados ao Tribunal de Contas.

C) Cando sexan mobilizados, a petición propia, por razón de violencia de xénero ou de violencia terrorista, durante o perídodo de permanencia.

D) Todas son correctas.

54. Non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

A) Os contratos de concesión relativos a proxectos de enxeñería hidráulica, irrigación ou drenaxe, sempre que o volume de auga destinado ao abastecemento de auga potable represente menos do 20% do volume total de auga dispoñible gracias a ditos proxectos ou a ditas instalacións de irrigación ou drenaxe.

B) O asesoramento xurídico prestado como preparación dun procedemento de arbitraxe, ou de un procedemento xudicial ante os órganos xurisdicionais ou as autoridades públicas dun Estado ou ante órganos xurisdicionais ou institucións internacionais, ou cando exista unha probabilidade alta de que o asunto sobre o que se asesora será obxecto de ditos procedementos, sempre que o asesoramento o preste un abogado.

C) A posta a disposición ou a explotación de redes fixas destinadas a prestar un servizo ao público en relación coa produción, o transporte ou a distribución de auga potable, excepto o suministro de auga potable a ditas redes.

D) Todas son correctas.

55. Segundo o Real Decreto polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, a tipificación das faltas será:

A) A establecida nos artigos 58 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

B) A establecida para o persoal estatutario sanitario dos servizos de saúde no artigo 72.2, 3,4 e 5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, agás que os convenios colectivos determinen outra cousa.

C) A establecida nos artigos 185 e seguintes da Lei 2/2015 do 29 de Abril de emprego público de Galicia.

D) A establecida nos artigos 57 e seguintes do Convenio Colectivo único do Persoal Laboral de la Xunta de Galicia.

0046762935461658500011636783196011107402

56. Aos valores obtidos por unha mostra nun test con varianza 4 e media de 8, Cal será o coeficiente de variación?:

A) 2/8.

B) 4/8.

C) 32.

D) 0.

57. Unha Estrutura de Xestión Integrada quere implantar un modelo relativo á xestión medioambiental. Cal das seguintes sería a norma de referencia para a implementación dun sistema de xestión no dominio ambiental?:

A) ISO 9001.

B) ISO 14001.

C) ISO 15001.

D) ISO 18001.

58. Unha traballadora pertencente a unha Estrutura de Xestión Integrada presenta risco durante a lactación natural. O dereito ao subsidio por risco durante a lactación natural extinguirase, entre outros supostos:

A) Cumprir o fillo os nove meses de idade.

B) Cumprir o fillo os seis meses de idade.

C) Cumprir o fillo os doce meses de idade.

D) Cumprir o fillo o ano e medio de idade.

59. A Consellería de Cultura e Turismo adxudica un expediente de concesión de servizos para a xestión e explotación integral de varios parques arqueolóxicos de arte rupestre. Duración do contrato: 5 anos, non prorrogable. Lotes: 3, un por cada parque. Empresa A, adxudicataria lote 1; empresa B, adxudicataria lote 2; empresa C, adxudicataria lote 3.
Transcorridos 3 anos acórdase a resolución do contrato do lote 2, adxudicado á empresa B.
Sería/n causa/s de resolución do contrato (sinalar a resposta INCORRECTA):

A) A supresión do servizo por razóns de interese público.

B) O mutuo acordo entre a administración e o contratista.

C) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

D) Todas son causas de resolución.

60. Unha Estrutura de Xestión Integrada recibe unha solicitude de reintegro de gastos de asistencia sanitaria de 32.500 euros. A quen lle corresponde resolvelo?:

A) A propia Xerencia de Xestión Integrada.

B) A Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde,

C) A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

D) A Secretaria Xeral do Servizo Galego de Saúde,

0046762935461658500011636783196011107402

61. Un profesional de xestión e servizos fixo dun hospital do Servizo Galego de Saúde quere solicitar o grao II de carreira profesional conforme ao réxime transitorio e excepcional de encadre (punto 14 do Acordo de carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde), e conforme á Resolución do 31 de xullo de 2018. Entre os requisitos esixibles para a súa participación marcar o que considere INCORRECTO:

A) Acreditar un período de permanencia dun ano no grao I.

B) Acreditar, como mínimo, servizos prestados como persoal de xestión e servizos de 12 anos.

C) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza) ou en situación de reingreso provisional nunha praza do organismo ou entidade.

D) Acreditar 6 anos de permanencia no grao I máis avaliación favorable.

62. Nunha Estrutura de Xestion Integrada, unha vez realizado o control financeiro do gasto no caso de non presentar alegacións, cal será a seguinte actuación por parte dos auditores da Intervención Xeral?:

A) óO informe provisional deberá ser valorado polo/a xefe/a de servizo de auditoría da Intervencion Xeral.

B) O mesmo elevarase a definitivo e deberase elaborar polo órgano de control un informe de actuación.

C) Elevarase a definitivo non sendo necesario a elaboración do informe de actuación.

D) O informe provisional será substituído polo informe de actuación.

63. Se quixéramos regular o dereito de asociación, que tipo de norma debemos utilizar?:

A) Decreto.

B) Lei ordinaria.

C) Lei orgánica.

D) Decreto-lei.

64. Unha Xerencia de Xestión Integrada adxudica un contrato de subministro de material de laboratorio á empresa XYZ. Transcorrido un ano dende a adxudicación, a empresa contratista comunica por escrito ao órgano de contratación que cede a parte do negocio referida ao subministro obxecto do contrato á empresa ABC, solicitándolle que realice os trámites oportunos para autorizar dita cesión.
O prego que rexe neste pocedemento contempla a cesión e a subcontratación.
En relación con este plantexamento, sinalar a resposta CORRECTA:

A) O órgano de contratación deberá autorizar a cesión de forma previa e expresa no prazo de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse denegada por silencio administrativo.

B) O cedente deberá ter executado polo menos un 20 por cento do importe do contrato.

C) A cesión entre adxudicatario e cesionario deberá formalizarse en documento administrativo, que poderá elevarse a escritura pública.

D) Todas son correctas.

65. Se estamos perante unha notificación electrónica, en cal destes supostos a podemos entender como rexeitada segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común?:

A) Cando accedeu ao seu contido transcorridos catro días naturais dende a súa posta a disposición.

B) Cando accedeu ao seu contido transcorridos oito días naturais dende a súa posta a disposición.

C) Cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen acceder ao seu contido.

D) Cando transcorresen cinco días naturais desde a posta á disposición da notificación sen acceder ao seu contido.

0046762935461658500011636783196011107402

66. Unha Estrutura de Xestión Integrada, de acordo co Decreto 38/2015, de 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia e dentro da clasificación dos residuos xerados na actividade sanitaria deberá ter en conta que os residuos sanitarios biocontaminados que requiren unha xestión diferenciada tanto no interior como no exterior dos centros en todas as etapas da xestión pertencen a :

A) Clase I.

B) Clase II.

C) Clase III.

D) Clase IV.

67. Unha estrutura de Xestión Integrada á hora de realizar o seguimento do transporte sanitario , deberá ter en conta que para obter a certificación técnico sanitaria dun vehículo que se dedica ao transporte sanitario deberá cumprir, entre outros, o seguinte requisito:

A) O vehículo deberá estar matriculado e habilitado para circular e non poderá superar a antigüidade de 10 anos, contados dende a súa primeira matriculación

B) O vehículo deberá estar matriculado e habilitado para circular e non poderá superar a antigüidade de 12 anos, contados desde a súa primeira matriculación

C) O vehículo deberá estar matriculado e habilitado para circular e non poderá superar a antigüidade de 15 anos, contados desde a súa primeira matriculación.

D) O vehículo deberá estar matriculado e habilitado para circular e non poderá superar a antigüidade de 15 anos, contados desde o seu a primeira inscrición no rexistro de vehículos de motor.

68. No caso de que un interesado presente un recurso que denomina de reposición, cando o que cabe é o de alzada, cómo se debería actuar?:

A) Inadmitir sempre o recurso.

B) Devolvelo ao recorrente dándolle trámite para emendar en 48 horas.

C) Ter por desistido ao interesado do recurso.

D) Proceder a tramitar o recurso de alzada, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

69. Que dereito ten un paciente de 17 anos con respecto ao acceso e copia dos documentos da súa historia clínica?:

A) Dereito de acceso e copia de todos os documentos que figuren na historia clínica.

B) Dereito de copia de todos os documentos que figuren na historia clínica coa única excepción daqueles que conteñan anotacións subxectivas dos profesionais.

C) Derecho de acceso e copia dos datos que figuran na súa historia clínica, agás aqueles datos correspondentes a terceiras persoas que constan nela recolleitos en interese terapéutico do paciente e ás anotacións subxectivas dos profesionais participantes, ás que estes se poden opoñer o dereito de acceso.

D) Dereito de acceso a toda a historia clínica e copia unicamente do informe clínico de alta e do informe de urxencias.

0046762935461658500011636783196011107402

70. Unha Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde licita un procedemento para a contratación do servizo de limpeza en 4 centros de saúde que, en virtude do convenio de colaboración entre a Administración local e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) , pasan a titularidade do SERGAS en agosto de 2018.
Lote único. A duración do contrato será de doce meses, non prorrogable, xa que se prevé que nese prazo se licitaran conxuntamente co resto de centros de saúde dependentes da Xerencia, contrato que está no ultimo ano de prórroga. Non se contemplan modificacións. O orzamento base de licitación ascende a 34.848,00 €, IVE incluído (21%).
Tramítase mediante o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.6 da Lei de Contratos do Sector Público. Sinale a resposta INCORRECTA:

A) Prazo de presentación de ofertas: 10 días naturais a contar dende o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

B) Exímese aos licitadores da acreditación da solvencia.

C) Criterios de adxudicación cuantificables mediante aplicación de fórmulas.

D) Non se celebrará acto público de apertura de proposicións.

71. En data 22 de marzo de 2018, determinadas organizacións sindicais con presencia na mesa sectorial notifican ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a convocatoria de folga do persoal estatutario dos centros do SERGAS para os días 2(luns), 4(mércores) e 6 (venres) de abril. O 22 de marzo e xoves, en vésperas de Semana Santa (o 29 e o 30 de marzo foron Xoves e Venres Santo, festivos na comunidade autónoma).
Un traballador, técnico de laboratorio nun hospital do SERGAS, foi nomeado de servizos mínimos para o día 2 de abril, luns, en quenda de mañá, de 8 a 15 horas. Incorpórase ao seu posto as 8 horas, pero chegadas as 11.30 decide secundar a folga, polo que convence ao único compañeiro de quenda que non secundaba a folga para que asuma os servizos mínimos no seu lugar, e ambos asinan un documento deixando constancia do cambio de servizos mínimos, comunicándollo ao Servizo de Persoal.
En relación coa convocatoria de folga e a actuación deste traballador, como debe proceder a Xerencia? Sinale a resposta CORRECTA:

A) Denunciar ante Inspección de Traballo a notificación de convocatoria de folga fóra de prazo, por non terse practicado no prazo de cinco días hábiles antes do seu inicio, e incoar expediente disciplinario ao traballador nombrado de servizos mínimos por abandono do posto.

B) Practicar a dedución proporcional de haberes ao traballlador de mínimos polo tempo que secundou a folga, comunicándollo á Seguridade Social para a consideración de alta especial, coa suspensión de cotización da empresa e do traballador.

C) Denunciar ante Inspeccion de Traballo a notificación de convocatoria de folga fóra de prazo, por non respectar dez días hábiles antes do seu inicio, e incoar expediente disciplinario ao traballador por abandono do posto, con deducción de haberes polo día de folga.

D) Deducir un día de haberes ao traballador por participación na folga, comunicándollo á Seguridade Social para a consideración de alta especial por ese día, e íncoar expediente disciplinario por incumprimento de servizos mínimos.

0046762935461658500011636783196011107402

72. O instrutor dun procedemento sancionador, preparando a proposta de resolución, conclúe que prescribíu a infracción. Que pode facer neste caso?:

A) Pode resolver a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución.

B) O instrutor ten que obrigatoriamente formular a proposta de resolución e pasala ao órgano competente para resolver o procedemento, pois é este último o único que ten competencia para finalizar o procedemento.

C) Pode resolver a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, pero só cando a infracción sexa leve.

D) A posible existencia de prescrición ten que ser analizada antes da apertura do procedemento sancionador, polo que unha vez incoado no cabe xa apreciar dita circunstancia.

73. Un traballador, persoal do Rexistro galego de instrucións previas, recibe unha solicitude de inscrición dun cidadán e, no proceso de verificación do cumprimento dos requisitos, advirte que entre a documentación aportada non figura copia do DNI do outorgante nin asina a solicitude. Como debe proceder? Sinale a resposta CORRECTA:

A) Require do solicitante que aporte copia do DNI e asine a solicitude, no prazo de 15 días. Transcorrido dito prazo procederase ao arquivo de plano da solicitude.

B) Require do solicitante que aporte copia do DNI e asine a solicitude no prazo de 10 días, e, unha vez cumprimentado dito trámite, traslada o expediente ao Xerente da Estrutura de Xestión Integrada correspondente para que dite resolución, notificándollelo ao interesado.

C) Require do solicitante que aporte copia do DNI e asine a solicitude, no prazo de 10 días naturais e, unha vez cumprimentado dito trámite, eleva o expediente á Secretaría Xeral Técnica para que dite resolución autorizando ou denegando a inscrición, que será motivada no suposto de denegación, notificándollelo ao interesado.

D) Ningunha resposta é correcta.

74. No servizo de contratación dunha Estrutura de Xestión Integrada (EOXI) recíbese a documentación para a tramitación do expediente para contratación do servizo de mantemento integral dos sistemas de protección e extinción contra incendios nos centros dependentes da EOXI.
Lotes: 4 (lote 1 Hospital A, lote 2 Hospital B, lote 3 Hospital C, lote 4 Centros de saúde). A duración do contrato será de vinte e cuatro meses, con posibilidade de prórroga ata un máximo de 24 meses. O orzamento base de licitación ascende a 121.000,00 €, IVE incluído (21%). Non se contemplan modificacións. Criterios adxudicación valorables de forma automática 80 puntos, criterios avaliables mediante xuizo de valor, 20 puntos.
Qué procedemento/s de adxudicación se podería/n utilizar?

A) Procedemento aberto simplificado, xa que o orzamento base de licitación é igual ou inferior a 100.000,00 € e porque entre os criterios de adxudicación previstos, a ponderación dos criterios avaliables mediante xuizo de valor non supera o vinte e cinco por cento do total.

B) Procedemento restrinxido.

C) Procedemento negociado sin publicidade, no caso de que nun procedemento aberto seguido previamente só se presentaron ofertas irregulares ou inaceptables, non modificando substancialmente as condicions iniciais do contrato, salvo o incremento do prezo da licitación.

D) Todas son correctas.

0046762935461658500011636783196011107402

75. Un pensionista de 70 anos, usuario dun centro de saúde nunha cidade que conta con cinco centros, está descontento co médico de familia que ocupa a praza do seu médico anterior, xubilado hai dous meses, polo que solicita ao xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) o cambio para o médico de familia que ten a súa filla noutro centro da mesma cidade. O médico supera a cota de pacientes. A filla do solicitante ten unha nena de sete anos a quen o avó leva a escola todos os días, así como ao pediatra, cando cómpre. Do dereito e procedemento para o cambio foi oportunamente informado no seu centro.
En relación coa tramitación e resolución da solicitude, indique a resposta CORRECTA:

A) O xerente da EOXI denega a solicitude porque o domicilio do paciente non se corresponde co centro elixido.

B) O xerente da EOXI denega a solicitude por non ter transcorrido 3 meses dende a asignación do novo médico, podendo solicitalo transcorrido ese prazo.

C) O xerente da EOXI, previo informe vinculante do Director de Procesos sen Ingreso, estima a solicitude e autoriza o cambio, por razóns de conciliación familiar.

D) O xerente da EOXI estima a solicitude tendo en conta que consta a previa aceptación expresa do médico elixido, e motivación suficiente que a leve superación da cota de pacientes asignados (3,5 %) non impllica deterioro da calidade asistencial.

76. Unha Estrutura de Xestión Integrada á hora de realizar a inspección regulamentaria por organismo de control autorizado (OCA) para un centro de transformación propio debe ter en conta que o prazo é de:

A) 2 anos.

B) 3 anos.

C) 1 ano.

D) 4 anos.

77. Se presenta unha reclamación de responsabilidade patrimonial por unha suposta neglixencia médica do cirurxán encargado de realizar a operación médica. Se dita reclamación non se resolve no prazo establecido ao efecto, que efecto se producirá?:

A) Efecto estimatorio.

B) Efecto desestimatorio.

C) Caducidade do procedemento.

D) Prescrición para exercitar a acción de responsabilidade patrimonial.

78. Presentada unha reclamación de responsabilidade patrimonial derivada de asistencia sanitaria, o órgano competente examina o cumprimento dos requisitos necesarios para o inicio do procedemento e comproba que a solicitude de iniciación non ten o lugar, data e sinatura do solicitante, que fará ?:

A) Outorgará o trámite de audiencia á persoa solicitante de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, Procedemento Administrativo.

B) Requirirá á persoa solicitante, para que, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo enmende a falta con indicación de que, se así non o fixese teráselle por desistido da súa petición.

C) Remitirá o expediente xunto coa proposta de arquivo ao órgano competente para a resolución do mesmo.

D) Teráselle por desestido da súa petición, arquivando o expediente sen máis trámite.

0046762935461658500011636783196011107402

79. Nunha Estrutura de Xestión Integrada segundo a Orde de 7 abril de 1993 pola que se regula o Conxunto Mínimo Básico de datos, cal dos seguintes usos xera unha estancia?:

A) Observación en urxencias.

B) Hemodiálise ambulatoria.

C) Camas de espertar.

D) Incubadoras fixas.

80. A Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde adxudica a realización dunha obra de construción dun novo edificio de administración e consultas nun complexo hospitalario por importe de 60.000.000,00 €. Durante a súa execución, a empresa contratista plantexa a necesidade de introducir varias unidades de obra non previstas no proxecto. Non sendo necesario realizar unha nova licitación, a quen corresponderá a fixación dos prezos aplicables a esta modificación?:

A) Ao Director facultativo de obra, previa autorización do órgano de contratación.

B) Á Adminsitración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles.

C) Á Administración, a proposta do Director facultativo.

D) Ao contratista, previa audiencia do Director de obra.

81. Unha enfermeira de Puntuo de Atención Continuada (PAC) que vive en Coruña e traballa no PAC de Cambre de forma habitual cobra en concepto de manutención 10 euros/garda PAC, esa enfermeira ten que quedar unha semana traballando no PAC de Coruña, ten que cotizar pola manutención?:

A) Esa manutención, como retribución en especie, esta exenta de cotización.

B) Non forma parte da base de cotización porque traballa no seu municipio de residencia.

C) A manutención como retribución en especie forma parte da base de cotización e pasa a cotizar.

D) Exceptúase de gravame por ser nun municipio distinto do lugar de traballo habitual do perceptor.

82. Que recurso cabe contra unha Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela referente a unha resolución sancionadora do/a Director/a de Saúde Pública da Xunta de Galicia de 40.000 euros?:

A) Recurso de súplica.

B) Recurso de reposición.

C) Recurso de alzada.

D) Recurso de apelación.

83. Se usamos a folla de cálculo LibreOffice Calc, ¿cal das seguintes fórmulas é a correcta para contar o número de celas con valores negativos no rango A1:A10?:

A) =CONTAR.SI(A1:A10;<0).

B) =CONTAR.SI(A1:A10;"NEGATIVO").

C) =CONTAR.SI(A1:A10;"x<0").

D) =CONTAR.SI(A1:A10;"<0").

0046762935461658500011636783196011107402

84. O 17 de abril publícase no perfil de contratante do Servizo Galego de Saúde o anuncio de licitación do procedemento non suxeito a regulación harmonizada para a contratación do "Servizo de mantemento de instalacións en centros de saúde dependentes dunha Xerencia", mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, cun valor estimado de 132.000,00 €, ao que se presentan tres empresas, A, B e C.
En data 13 de xuño ten lugar a adxudicación do contrato á empresa B, séndolle notificada en esa mesma data, así como ao resto dos licitadores.
Con data 2 de xullo o representante da empresa A interpón recurso especial contra a resolución de adxudicación adoptada polo órgano de contratacion. Nas suas alegacións, a empresa recorrente considera que non resulta válida a adxudicación de contrato a favor da empresa B porque esta foi presentada en papel, incumprindo con iso as condicións esixidas no Prego e na Lei de Contratos do Sector Público.
En base a este enunciado, sinalar a resposta CORRECTA:

A) Non procede recurso especial por presentarse fora de prazo, 15 días desde a notificación ao interesado do acto ou acordo recorrido, e porque, ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, non é susceptible de recurso especial ao amparo do disposto no artigo 44 da Lei de Contratos do Sector Público :

B) Non procede recurso especial porque, ainda que se presenta en prazo, ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, non é susceptible de recurso especial ao amparo do disposto no artigo 44 da Lei de Contratos do Sector Público .

C) Procede o recurso especial porque presentouse en prazo, 15 días hábiles desde a notificación ao interesado do acto ou acordo recorrido, e porque, si ben non esta suxeito a regulación harmonizada, o valor estimado do contrato ascende a 132.000,00 €.

D) Procede o recurso especial porque presentouse en prazo, 15 días hábiles desde a notificaicón ao interesado do acto ou acordo recorrido, e porque, si ben non está suxeito a regulación harmonizada, o acordo de adxudicación sempre é obxecto de recurso especial.

85. Nunha das sesións da Comisión de Docencia do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC), un dos seus membros quere introducir un asunto que non está na orde do día. Isto é posible?:

A) Non, nunca.

B) Só cabe se non inclúe un acordo.

C) Non, agás que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

D) Non, agás que asista a maioría dos membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable de 1/3 dos asistentes.

86. Unha persoa quere solicitar a renovación anual de acollemento ao Programa galego de protección social da saúde pública, que documentación terá que presentar?:

A) Solicitude orixinal asinada e selada polo Centro de Saúde.

B) Fotocopia do Documento de identidade (DNI, TIE ou pasaporte...).

C) Documentación xustificativa da renda soamente no caso de non autorizar o acceso a datos da Axencia Española de Administración Tributaria relativos ao IRPF.

D) Todas as respostas son correctas.

87. Un profesional sanitario estatutario con 37 anos cotizados cumpre 65 anos ou 8 de agosto de 2018 e presentou a solicitude de prolongación dá permanencia non servizo activo non rexistro con data 3 de maio de 2018. O órgano directivo responsable da xestión clínica asistencial terá o seguinte prazo para emitir o informe-proposta no que analizará a determinación da concorrencia de necesidades asistenciais e/ou organizativas derivadas da planificación do emprego público:

A) Ata o 18 de maio de 2018.

B) Ata o 13 de maio de 2018.

C) Ata o 3 de agosto de 2018.

D) A solicitude presentouse fóra de prazo pola que se inadmite a mesma.

88. Unha paciente ingresada dende hai tres días de 88 anos de idade, non capacitada para prestar consentimento, ten como única posibilidade terapeútica para a curación unha intervención de alto risco de falecemento, sendo a outra posibilidade unicamente paliativa e supondo o falecemento a corto-medio prazo. A paciente está acompañada de dous fillos que non ostentan a tutela legal da mesma pero un deles figura como coidador da súa nai. O fillo coidador consinte a intervención e o outro fillo négase á mesma. Quen presta o consentimento?:

A) De conformidade co artigo 6 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do Consentimento Informado e Historia clínica do Paciente, o consentimento corresponde dalo dentro do mesmo grao ao fillo que exerce de coidador.

B) Haberá que polo en coñecemento da autoridade xudicial para que adopte a resolución correspondente, atendendo sempre ao maior beneficio para a vida ou saúde da paciente.

C) O facultativo pode levar a cabo a intervención sen consultar cos fillos.

D) Todas as respostas son incorrectas.

89. Pode un funcionario de carreira comparecer por si mesmo nun recurso contencioso que interpoña en defensa dos seus dereitos estatutarios contra unha resolución que lle denega o disfrute das suas vacacións nos días solicitados?:

A) Si.

B) Non, necesita sempre de, polo menos, Avogado.

C) Non, necesita sempre de, polo menos, Procurador.

D) Non, necesita sempre Avogado e Procurador.

90. En cal destes casos hai unha resolución executiva?:

A) Resolución sancionadora recorrida en reposición por poñer aquela fin á vía administrativa, que aínda está no prazo de resolverse.

B) Resolución sancionadora sobre a que está presentado un recurso de alzada, que aínda está no prazo de resolverse.

C) Resolución sancionadora con recurso de alzada resolto de forma desestimatoria.

D) Procedemento sancionador que está no trámite de proposta de resolución.

0046762935461658500011636783196011107402

91. Durante a tramitación dun expediente de responsabilidade patrimonial a Unidade de Responsabilidade Patrimonial remite o expediente completo ao Consello Consultivo de Galicia de conformidade co disposto nos artigos 81 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e 12. j da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, durante este trámite, que ocorre co procedemento de responsabilidade patrimonial?:

A) Remítese para a súa resolución ao titular da Consellería de Sanidade ou persoa na que delegue.

B) Remítese para a súa resolución ao titular da Consellería de Facenda ou persoa na que delegue.

C) Acórdase a suspensión do procedemento de conformidade co artigo 22 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

D) Non entra nos supostos de suspensión do prazo máximo para resolver previstos no artigo 22 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

92. Nas oficinas do Servizo de xestión de contratos e recursos propios da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, recíbese documentación para licitar un expediente para contratación da prestación de servizos sanitarios a pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de saúde da área correspondente a unha Estrutura Organizativa de Xestión Integrada.
A duración do contrato será de 4 anos, non prorrogable. Valor estimado: 50.000.000,00€.
En base a este enunciado, sinalar a resposta CORRECTA:

A) O órgano de contratación é o titular da Xerencia de Xestión Integrada correspondente, que actúa por delegación de competencias mediante o Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e Orde de 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

B) O órgano de contrtación é a Dirección de Recursos Económicos, quen actúa por delegación de competencias mediante o Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde de 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

C) O órgano de contratación é a Xerencia do Servizo Galego de Saúde, quen actúa por delegación de competencias medianto o Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde de 5 de xullo de 2012, sobre delegación de commpetencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

D) O órgano de contratación é a Direcicón de Recursos Económinos, quen actúa por delegación de competencias mediante Decreto 43/2013, de 21 de febriro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde de 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, que deberá solicitar autorización previa á Dirección de Asistencia Sanitaria.

93. A Consellería de Cultura e Turismo licita un expediente de concesión de servizos para a xestión e explotación integral dun parque arqueolóxico de arte rupestre, que adxudica á empresa ABC.
A empresa concesionaria ten a/as obriga/s (sinalar a resposta CORRECTA):

A) En caso de extinción do contrato por cumprimento do mesmo, o contratista deberá seguir prestando o servizo ata que se formalice o novo contrato.

B) Ten a obriga de indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas non imputables á Administración.

C) Respectar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de estados que non sexan membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministro consecuenica do de concesión de servizos.

D) Todas son correctas.

0046762935461658500011636783196011107402

94. Un aspirante inscrito nas listas de contratación do Servizo Galego na categoría de enfermeiro/a foi chamado por listas de longa duración para a substitución dun enfermeiro propietario ausente por Comisión de Servizo noutro Centro de Gasto. O enfermeiro titular da praza cesa tras a súa participación e obtención de praza no concurso de traslados noutro Centro de gasto. Que ocorre co enfermeiro substituto?:

A) Cesa no nomeamento que viña desenvolvendo.

B) Corresponderalle o nomeamento de interinidade na devandita praza vacante.

C) Unha vez vinculado como interino en vacante será tido en conta para os cesamentos de acordo co disposto no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

D) Todas as respostas anteriores son correctas.

95. Se un interesado promove a recusación do instrutor dun procedemento sancionador cando está realizada a proposta de resolución, que sucederá?:

A) Que o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución suspenderase desde que esta se presente ata que sexa resolta polo superior xerárquico do recusado.

B) Que o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución suspenderase desde que esta chegue ao recusado e a resolva tal recusado.

C) Que continúa o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento, con independencia de cando o resolva o superior xerárquico do recusado.

D) Que continúa o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento agás que o recusado tarde máis de 6 meses en resolvelo.

96. Á hora de adquirir os alimentos atopamos diferentes tipos de produtos segundo o tratamento que recibisen e que determinan as diferentes gamas. Os alimentos conservados por frío, é dicir, por conxelación ou ultra-conxelación pertencen ao siguente tipo de gama:

A) Gama II.

B) Gama III.

C) Gama IV.

D) Gama V.

97. Unha Xerencia de Xestión Integrada adxudica o expediente para contratación do servizo de xestión e dixitalización da documentación clínica nos centros dependentes da mesma. O prazo de duración do contrato será de 36 meses, contemplándose a posibilidade de prórroga polo máximo permitido.
O orzamento base de licitación ascende a 2.420.000,00 €, IVE incluído (21%). No prego contémplase que as modificacións previstas poderán alcanzar ata un máximo do 20% do prezo inicial do contrato. Transcorrido un ano, a proposta do servizo promotor, plantéxase a necesidade de tramitar unha modificación do 15%.
En relación co procedemento a seguir para tramitación da mesma sinalar a resposta INCORRECTA:

A) Solicitude de informe ao Servizo Xurídico correspondente.

B) Publlicarase anuncio de modificación no perfil de contratante do Servizo Galego de Saúde no prazo de 6 días desde a aprobación da mesma.

C) O acordo que adopte o órgano de contratación poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo.

D) Todas son certas.

98. Unha Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde licita o procedemento para contratación de un subministro sucesivo e por prezo unitario de produtos conxelados, carne, peixe e verduras, con destino a un dos seus hospitais, utilizando o procedemento aberto. Orzamento base de licitación 90.000,00 €, IVE incluído (84.620,00 €, sen IVE).
Lotes: 10 lotes, un por cada un dos productos que se quere adquirir. O prazo de duración do contrato é de 12 meses, con posibilidade de prórroga por un máximo de 24 meses. Contémplanse modificacións previstas (artigo 204 Lei de Contratos do Sector Público), que poderán alcanzar ata un máximo do 10% do prezo inicial do contrato. Procede constitución de garantía definitiva.
O lote 5, merluza, con un orzamento base de licitación de 22.000,00 €, IVE 10% incluído, adxudícase a empresa XYZ por importe de 21.230,00 €, IVE 10% incluído.
En relación ao valor estimado do contrato e ao importe da garantía definitiva que debe constituír o adxudicatario do lote 5, sinalar a resposta CORRECTA:

A) O valor estimado do contrato é de 297.000,00 €. A garantía definitiva correspondente ao lote 5 ascenderá a 965,00 €.

B) O valor estimado do contrato é de 279.246,00 €. A garantía definitiva correspondente ao lote 5 ascenderá a 965,00 €.

C) O valor estimado do contrato é de 279.246,00 €. A garantía definitiva correspondente ao lote 5 ascenderá a 1.000,00 €.

D) O valor estimado do contrato é de 297.000,00 €. A garantía definitiva correspondente ao lote 5 ascenderá a 1.000,00 €.

99. Un facultativo especialista estatutario con praza en propiedade no Servizo Galego de Saúde e percibindo o complemento de exclusividade quere saber se é compatible co exercicio dunha segunda actividade en consulta privada:

A) Pode realizar unha segunda actividade privada sempre que renuncie ao complemento específico durante o primeiro semestre do ano.

B) Pode realizar unha segunda actividade privada sempre que renuncie ao complemento especifico e solicite a compatibilidade.

C) Pode realizar unha actividade privada dado que non menoscaba o cumprimento dos seus deberes como persoal estatutario.

D) Para compatibilizar o posto público e a actividade privada só se necesíta obter o recoñecemento de compatibilidade.

100. Se pasados dous meses e 5 días hábiles dende a firmeza en vía administrativa dunha resolución aparecesen documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro daquela resolución, un interesado podería interpoñer algún recurso administrativo baseado nesa circunstancia?:

A) Non, ningún.

B) Recurso de alzada.

C) Recurso de reposición.

D) Recurso extraordinario de revisión.

0046762935461658500011636783196011107402

101. Dentro da xestión do gasto público. Os anticipos de caixa son:

A) Son provisións de fondos de carácter non permanente que se realizan a pagadurias, caixas e habilitacións para a atención de gastos periódicos ou repetitivos.

B) Son operacións extra orzamentarias e a súa contía global non poderá exceder do 10 por 100 do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do orzamento.

C) Son provisións de fondos de carácter excepcional que se realizan a pagadurías, caixas e habilitacións para a atención de gastos periódicos ou repetitivos.

D) Son operacións extra orzamentarias e a súa contía global non poderá exceder do 20 por 100 do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos.

102. Se a un traballador coa condición de persoal laboral se lle impón o despedimento como sanción disciplinaria, qué tipo de infracción cometeu?:

A) Infracción moi grave.

B) Infracción grave.

C) Infracción leve.

D) Nunca procede a sanción de despedimento pola comisión de infraccións disciplinarias.

103. O Servizo Galego de Saúde licita o procedemento para contratación dunha obra de acondicionamento da cociña nun dos seus hospitais, cun orzamento base de licitación de 1.100.000,00 €. Para concorrer a esta licitación as empresas españolas deberán:

A) Estar clasificadas no Grupo, Subgrupo e Categoría correspondente.

B) Estar en posesión da solvencia económica e financieira e técnica establecida no prego.

C) Neste suposto, ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, non é necesaria a clasificación do empresario.

D) Neste suposto, as empresas licitadoras poderán acreditar a solvencia indistintamente mediante a clasificación que corresponda a este contrato ou mediante a aportación dos requisitos mínimos de solvencia económica e financieira e técnica establecidos no prego.

0046762935461658500011636783196011107402

104. No ámbito dunha Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde, a Dirección de Procesos Asistenciais necesita a cobertura dun Facultativo Especialista en Psicoloxía Clínica de atención especializada mediante un vínculo de interinidade a xornada completa. ¿Cales serían os pasos a seguir para realizar dita tramitación correctamente?. (Sinale a resposta CORRECTA):

A) Obter a autorización para a cobertura da actual Dirección Xeral de Recursos Humanos. Unha vez informada favorablemente, o departamento de Recursos Humanos (persoal) da Xerencia de Xestión Integrada acudirá á listaxe vixente de vinculacións temporais para dita categoría profesional de conformidade ao Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia, isto é, dito nomeamento ofertaráselle ao aspirante que acredite maior puntuación na listaxe da área sanitaria ou ámbito territorial que corresponda, con independencia de que aquela se atope vinculada, no momento do chamamento, por outro nomeamento estatutario temporal, a xornada completa, sempre que o mesmo sexa de duración inferior ao ano, ou a tempo parcial, calquera que fose a súa duración.

B) Obter a autorización para a cobertura do Consello da Xunta. Unha vez informada favorablemente, o departamento de Recursos Humanos (persoal) da Xerencia de Xestión Integrada acudirá á listaxe vixente de vinculacións temporais para dita categoría profesional de conformidade ao Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia, isto é, dito nomeamento ofertaráselle ao primeiro aspirante dispoñible na listaxe da área sanitaria correspondente ou ámbito territorial.

C) Obter a autorización conxunta para a cobertura das actuais Direccións Xerais de Recursos Humanos e Asistencia Sanitaria. Unha vez informada favorablemente, o departamento de Recursos Humanos (persoal) toda vez que dita categoría profesional non está incluída no ámbito do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia, procederá a realizar un proceso de selección mediante unha convocatoria que será anunciada no Diario Oficial de Galicia, que deberá incluír o baremo aplicable, así como a previsión, de ser o caso, de memorias ou entrevistas, e a composición da comisión de valoración. A puntuación da memoria ou entrevista non poderá superar o 30 por cento do total do baremo.

D) Obter a autorización para a cobertura do Xerente de Xestión Integrada correspondente. Unha vez informada favorablemente, o departamento de Recursos Humanos (persoal) toda vez que dita categoría profesional non está incluída no ámbito do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia, procederá a realizar un proceso de selección mediante unha convocatoria que será anunciada no Diario Oficial de Galicia, que deberá incluír o baremo aplicable, así como a previsión, de ser o caso, de memorias ou entrevistas, e a composición da comisión de valoración. A puntuación da memoria ou entrevista non poderá superar o 30 por cento do total do baremo.

105. A comunidade de Galicia á hora de xestionar os ingresos públicos a través dos tributos, terá en conta que son considerados como tributos propios:

A) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

B) Tributos sobre o xogo.

C) Imposto sobre hidrocarburos.

D) Imposto compensatorio ambiental mineiro.

106. Nunha determinada Estrutura de Xestión Integrada xorde a necesidade dun suplemento de crédito e non supón aumento nos créditos do Orzamento da Comunidade Autónoma. A quen lle corresponde autorizar a súa concesión?:

A) A súa concesión será facultade da Xunta de Galicia se o seu importe non excede do 5 por cento do orzamento de gastos do organismo autónomo correspondente.

B) A súa concesión será facultade do Conselleiro de Economía e Facenda se o seu importe non excede do 5 por cento do orzamento de gastos do organismo autónomo correspondente.

C) A súa concesión correspóndelle ao Conselleiro de Economía e Facenda, previo informe da Dirección Xeral competente en materia de Orzamentos, someter ao acordo da Xunta para a súa remisión ao Parlamento.

D) A súa concesión será facultade do Conselleiro de Economía e Facenda se o seu importe non excede do 10 por cento do orzamento do organismo autónomo correspondente.

107. Un usuario do Complexo Hospitalario de Ourense sufriu danos na lúa traseira do seu vehículo o 7 de xaneiro de 2017 cando estaba estacionado no aparcadoiro do Complexo e uns operarios do mesmo realizaban traballos de roza, estes feitos foron presenciados polo Xefe de mantemento. Ata que data pode interpoñer reclamación de responsabilidade patrimonial?

A) Non procede interpoñer reclamación de responsabilidade patrimonial ao tratarse de danos nun vehículo e existir un seguro obrigatorio.

B) Ten un ano desde que se produciu o feito ou acto que motive a indemnización.

C) Ten dous anos desde que se manifeste o seu efecto lesivo.

D) Ten un ano a partir do día seguinte ao que se produciu o feito ou acto que motive a indemnización.

108. O 15 de xuño publícase no DOUE anuncio de licitación do expediente para contratación do servizo de mantemento de ascensores nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, cun orzamento base de licitación de 5.000.000,00 €. A duración do contrato será de dous anos, con posibilidade de prórroga polo máximo permitido.
Presentan oferta 9 empresas.
Según se establece no artigo 71 da Lei de Contratos do Sector Público, cal/es das seguientes empresas en ningún caso poderá/n contratar coa Administración?

A) A empresa A, conta con 150 traballadores, pero tan solo 4 dos seus empregados son traballaores con discapacidade.

B) A empresa B, 250 traballadores, non conta con un plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2017, de 22 de marzo, para igualdade de homes e mulleres.

C) A empresa C incorreu en falsidade ao efectuar a declaración responsable a que se refire o artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

D) Ningunha destas empresas pode contratar coa Adminstración.

109. Se non se resolve e notifica un procedemento sancionador en prazo, que efecto xurídico aparece?:

A) Silencio positivo.

B) Silencio negativo.

C) Desistencia dos interesados.

D) Caducidade.

0046762935461658500011636783196011107402

110. Unha cidadá que hai dous meses otorgou documento de instrucións previas ante o persoal do Rexistro galego de instrucións previas, agora, persuadida por un familiar, pretende revogalo. Como debe proceder?:

A) De conformidade coa información do persoal do Rexistro, deberá esperar ao preceptivo período mínimo de carencia de tres meses para solicitar a revogación polo mesmo procedemento que a formalización inicial.

B) Solicitar, en calquera momento, a revogación polo mesmo procedemento que a formalización inicial.

C) Solicitar, en calquera momento, a revogación por calquera procedemento dos previstos para a formalización inicial.

D) Todas son falsas.

0046762935461658500011636783196011107402